

SEPTIEMBR
E
2014

BOLETÍN INFORMATIVO



APE
Galicia

Praza España nº1 1º
Oficina 1
36002 Pontevedra
Tlf: 986 891657
info@apegalicia.es

**SUBVENCIONS PARA
PROMOVER O
AUTOEMPREGO E A
ACTIVIDADE
EMPREDEDORA NA
COMUNIDADE
AUTÓNOMA
GALEGA DAS
PERSOAS GALEGAS
RETORNADAS**

**VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

*RESOLUCIÓN do 25 de agosto
de 2014, da Secretaría Xeral da
Emigración,
pola que se amplían os prazos de
presentación de solicitudes e de
xustificación
da Resolución do 19 de febreiro de
2014, pola que se aproban as
bases
reguladoras para a concesión, en
réxime de concorrencia non
competitiva, de
subvencións para promover o
autoemprego e a actividade
emprededora na
Comunidade Autónoma galega
das persoas galegas retornadas e
se procede á
súa convocatoria para o ano
2014.*

BENEFICIARIOS:

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas:

a) As persoas galegas e nadas en Galicia que residindo fóra de España retornen á Comunidade Autónoma galega.

b) Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas relacionadas na letra a) con residencia no estranxeiro que residindo fóra de España se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia. Para os efectos do establecido neste punto, terá a condición de parella de feito a que figure inscrita como tal no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia regulado polo Decreto 248/2007, do 20 de decembro.

Os/as anteditos/as beneficiarios deberán acreditar estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia actual en Galicia.

PRAZO: Amplíase o prazo para a presentación de solicitudes ata o 15 de novembro, inclusive.

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN: Amplíase o prazo para a presentación de solicitudes ata o 15 de decembro, inclusive.

ENLACES:

http://www.xunta.es/dog/Publicad os/2014/20140901/AnuncioG0244-260814-0001_gl.html

http://www.xunta.es/dog/Publicad os/2014/20140219/AnuncioG0244-110214-0004_gl.html

CONVOCATORIA PARA A OBTENCIÓN DA CERTIFICACIÓN GALEGA DE COMPETENCIAS DIXITAIS EN OFIMÁTICA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE
GALICIA

RESOLUCIÓN do 19 de setembro 2014 pola que se efectúa unha convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación.

OBXECTO:

Obter a certificación galega de competencias dixitais, regulada polo Decreto 218/2011, do 17 de novembro, tras a adquisición, mediante un curso de preparación na modalidade de teleformación, das capacidades que constitúen o Plan formativo ofimático de Galicia e a súa posterior avaliación a través da correspondente proba presencial.

BENEFICIARIOS: persoas maiores de 16 anos.

ORGANIZACIÓN DO CURSO:

- a) Número de prazas: 360.
- b) Duración: 12 semanas (190 horas lectivas).
- c) Modalidade: teleformación titorizada a través da plataforma EMA da rede CeMIT.
- d) Datas: no último trimestre do ano.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1. As persoas que desexen participar no curso convocado nesta resolución deberán inscribirse na páxina web de CeMIT (<http://cemit.xunta.es>). 2. Con carácter previo á inscrición é necesario darse de alta como usuario/a da rede CeMIT. Nesta alta previa é imprescindible facilitar unha conta persoal de correo electrónico.

PRAZO: Ata as 14.00 horas do día 10 de outubro de 2014.

CRITERIO DE SELECCIÓN: Por rigoroso orde de inscrición.

ENLACE:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140925/AnuncioG0177-190914-0001_gl.html



AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS POR ENTIDADES ASOCIATIVAS PERTENCENTES Ó SECTOR

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 10 de setembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2014.

OBXECTO: efectuar a convocatoria para 2014 de subvencións destinadas a financiar accións formativas e de transferencia tecnolóxica realizadas por entidades asociativas do sector agroforestal da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e dirixidas ás persoas asociadas, aos directivos e ao persoal das ditas entidades.

BENEFICIARIOS: as sociedades cooperativas agrarias, as sociedades agrarias de transformación, as asociacións de cooperativas e as de produtores, os consellos reguladores de produtos de calidade diferenciada, as asociacións profesionais do ámbito agrario, alimentario ou ligadas ao desenvolvemento rural e as organizacións de produtores agrarios radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES: Cursos de formación e actualización profesional cuxa temática non sexa coincidente coa programación formativa da

Consellería do Medio Rural e do Mar no mesmo ámbito territorial e actividades de transferencia de tecnoloxía.

CONTÍA DAS AXUDAS: A subvención total máxima por curso de formación será de 6.000 euros, que se poderá elevar ata 9.000 euros/curso no caso de que este inclúa unha viaxe didáctica. Nas actividades de transferencia de tecnoloxía, a subvención máxima por acción será de 1.500 euros.

PRAZO: Ata o 26 de outubro de 2014.

ENLACE:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140925/AnuncioG0165-170914-0001_gl.html



CONCESIÓN DE INDEMNIZACIÓNS POLO SACRIFICIO OBRIGATORIO DE GANDO

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 25 de setembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais, e se convocan de novo para o ano 2014.

OBXECTO: convocar de novo, para o ano 2014, a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades animais, e pola morte de animais no contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente, ou como consecuencia directa de tratamentos, manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico, así como nos demais supostos recollidos na Lei 8/2003, de sanidade animal.

BENEFICIARIOS: as persoas físicas e xurídicas que sexan titulares:

a) De animais que se sacrifiquen ou morran por resultar reaccionantes ás probas diagnósticas de tuberculose, brucelose e lingua azul no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes.

b) De animais e os seus produtos de calquera especie, sacrificados/mortos e/ou destruídos

por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

c) De aves reprodutoras ou poñedoras da especie *Gallus gallus* e reprodutoras da especie *Meleagris gallopavo*, sacrificadas por orde da autoridade competente dentro dos programas nacionais de control de salmonela.

d) De aves sacrificadas por mor da declaración oficial dun foco de influenza aviaria ou de enfermidade de Newcastle.

e) De porcos sacrificados/mortos por mor da declaración oficial dun foco de peste porcina clásica ou de peste porcina africana.

f) De animais que se sacrifiquen/morran por resolución da autoridade competente en materia de sanidade animal, afectados por enfermidades distintas das sometidas a programas sanitarios oficiais.

g) De animais que morreran como consecuencia directa de actuacións, tratamentos e manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico e, en xeral, de

animais que morran no contexto de medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente.

h) Os demais supostos recollidos na Lei 8/2003, de sanidade animal, e na normativa estatal e da Unión Europea de desenvolvemento dos programas e das actuacións sanitarias de vixilancia, loita, control e erradicación de cada enfermidade.

PRAZO: Ata o 30 de novembro de 2014.

ENLACE:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140930/AnuncioG0165-260914-0001_gl.html

REQUISITOS: a) Que as persoas titulares e as explotacións gandeiras afectadas cumpran de forma estrita a normativa en vigor sobre sanidade animal, identificación animal, movemento pecuario, benestar e alimentación animal, e a dos programas nacionais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais.

b) Que as explotacións gandeiras estean correctamente rexistradas na Comunidade Autónoma de Galicia: en concreto, figurarán inscritas e con todos os seus datos actualizados no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega), establecido polo Real decreto 479/2004, e no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), regulado no Decreto 200/2012, da Consellería do Medio Rural e do Mar.

c) Que sexa efectivo o sacrificio obrigatorio de todos os animais incluídos nas resolucións de sacrificio ou/e de baleiro sanitario que foran emitidas pola autoridade competente.

